

A Planta da luz

Nos anos 40 constrúuse unha minicentral hidroeléctrica que abasteceu o lugar de Piornedo ata mediados dos 60. Nada máis gráfico para falar desta obra social que o documento asinado polos vecinos que di: "En el lugar de Piornedo, a primeros de setiembre de 1945 reunidos, en el lugar escuela... con el solo objeto de ver si pueden conseguir la construcción de una centralita eléctrica para dar luz a este lugar, ya que tan necesitado se encuentra, y no habiendo posibilidades de adquirirla por otro medio sino por el esfuerzo personal y propio...., y reconoció que es esto por todos acuerdan la necesidad de construir la centralita, con el objeto de dar luz solamente a los vecinos de dicho lugar".

Desta maneira e coas achesgas monetarias e a man de obra dos vecinos construíuse a que chamamos planta da luz. O reparto da aportación e dos beneficios fixose en función das necesidades establecidas por cada un dos vecinos, do xeito seguinte: Marello, Pedrete, Coxo, Polo, Marques, Sesto, Chis e Mourazo tiñan dereito a "150 bujías" (6 bombillas) e Robledo, Casanova, Ancho, Casoa, Perdigón, Coro e Eudoxia da Regueira á metade (3 bombillas).

O máis difícil da planta non foi facela senón mantela; primeiro colleuna Manuel de Polo con Francisco de Mourazo primeiro e con Jesús de Perdigón despois, aguantaron pouco tempo. Logo colleuna Pedro de Marqués, encargábase das avarias e cobraba un tanto por atendela, acendía a luz e apagábaa dende a súa aira (instalaría un cable desde a planta e cunha manivela abría e pechaba a comporta). Era un fenómeno: chegou a inventar un sistema de limitadores con bombillas que se acendían no exterior das casas cando alguén gastaba de máis, nunca funcionou moi ben. José acabou marchando para Veiga e despois fixeron un tratado con José María do Coro: tiña que dar luz gratis varios anos e despois a planta quedaba para el e debían pagarlle polo que consumiran. Cumpriu co tratado ata que a planta pasou a ser del e despois deixouna.

Foi así como dende o ano 1965 aproximadamente deixou de haber luz e houbo que agardar 8 ou 9 anos polo tendido de Fenosa.



Os Curtiños

Fixeron varios "curtiños" aproveitando a morea de penas que había na zona porque é un sitio calido e soleado, ideal para as abellas. Algunos curtiños ainda se utilizan como é o caso do de Marello situado encima da Fonteñía.



As lastras do riu

Estas grandes rochas están desgastadas polo paso da auga durante miles de anos. As mais interesantes atopáanse ao pé do Muín címeiro e no sendeiro de Vilarelo. Perfectas para relaxarse ao son da auga.



O GLACIAR DE PIORNEDO

A lo largo do derradeiro episodio de arrefriamento climático do Plistoceno Superior (hai entre 80.000-18.000 anos) tivo lugar a formación dun extenso glaciar no val de Piornedo, que acadou os 6 km. de lonxitude e case os 200 m. de espesor. Esta gran masa de xeo estendeuse no momento de maior empuxo dende un gran anfiteatro delimitado polos cordais que unen os picos de Lanza, Mustallar e Penalonga ata as inmediacións da Ponte de Bous, augas abaixo de Piornedo. A lingua principal recibía aportes pola súa beira esquerda doutras dúas más pequenas orixinadas nos circos de A Formela e Agulleiro. A fusión deste sistema glaciar verificouse en diferentes etapas, nas que houbo retrocesos da lingua glaciar e pequenos reavances, e deixou ao descuberto unha grande cantidade de depósitos morrénicos dos que, os situados entre as pontes de Agulleiro e Bous e nas proximidades da Fonte de María González son dos mellor conservados de Galicia. Tamén chaman a atención os umbráis rochosos fortemente pulimentados das Lastras dos Requeixos, as rochas aborregadas do entorno da Mallada de Piornedo e os circos glaciares situados aos pés dos picos do Agulleiro, de Lanza e Mustallar. Nestes últimos lugares deberon persistir pequenas masas de xeo ou neveiros ata o inicio do Holoceno (hai uns 10.000 anos).



INTRODUCCIÓN: TRALO SESTO

Tralo Sesto é un dos sitios que máis ten que contar da vida de Piornedo porque está cerca do "pueblo", sempre fai calor e estase agosto. No inverno a neve paraba pouco e era o primeiro sitio ó que se sacaba a facenda, para que beberan e comeran uns ramallos. Era tamén onde se la lavar a roupa (na Fonteñía ou na Fonte do Penedo Apretado), onde se lavaban as tripas (na fonte do Landeirón) e onde se ia á leña, sobre todo ás puxas para acender o lume. Cando éramos nenos sempre xogabamos a subir e brincar polas pedras, baixabamos ata as lastras do río, subímos polo Penedo, andabamos á paraza de Sangume para vender e no tempo das amoras facíamos "guisados" na pedra da fonte da Raposa e lambíamos o zumo por turnos directamente da pedra...

Máis tarde, cando xa non se moía nin funcionaba a planta, deixou de haber cabras e as vacas tiñan moito monte para elas soas... abandonamos Tralo Sesto. Encheuse de maleza, os sendeiros perdérone, os muíños e a Planta non se vián e só íamos a Tralo Sesto tirar o lixo.

Esperamos que a recuperación desta ruta sexa o inicio da recuperación do monte, para o disfrute de todos, e poder algúns díaz ver restaurado algúns dos muíños e mesmo a planta da luz, que ben se podería usar para o alumado público de Piornedo do que, aunque pareza mentira ainda carecemos...



ETNOGRAFÍA E HISTORIA NA RUTA


Os muíños

Os muíños de tralo Sesto son de uso bastante antigo. O Catastro do Marqués da Ensenada en 1752 no capítulo de "respuestas generales" contabiliza na Parroquia de Donís "20 casas de molino... tres al sitio de Borneiro, muelen la mitad del año, regulan el producto de cada uno de ellos en 9 ferrados de centeno y pertenecen al vecindario del lugar de Piornedo" (Hai que explicar que os prados que se atopan más abaixo ó largo do río son os que hoxe chamamos de Alburneiro).

Ata os anos 30 ainda se utilizaban: baixábase moer un fardelado de gra ó lombo para cocer ou baixábase cunha cabalería moer algo mais para a facenda. Eran muíños pequenos, non peneiraban e deixáronse de usar cando empezou a moer a Aceña das Pontes.

A cuberta era de palla e recollían a auga para varios deles mediante unha única canalización.

Hai un total de cinco muíños. O Fundeiro é de Marello e da Casoa, o seguinte de Polo (conservou palla no teito ata 1945), o Muín Novo de Mourazo, Sesto, Regueira e Casanova, e o Ciñeiro de Ancho, Marques e Chis.



DESCRIPCIÓN DA RUTA

Ruta etnográfica circular polo val glaciar de Tralo Sesto. Recomendamos seguir as frechas de cor vermello.

Sámos de Piornedo, cara ó leste, por riba da casa do ancho ou por debaixo do museo e vamos ata o panel de inicio que está no Penedo de Tralo Sesto; botámosle un vistazo e imos baixando cara á esquerda, en seguida deixamos á dereita o sendeiro da planta (cor amarelo). A senda vaise facendo máis estreita ao pasar polo medio dos penedos.

Segundo as frechas apartámonos do sendeiro cara a dereita para ver o Penedo dos Espíños e o Mirador dos Espíños, desde onde temos unha boa vista do val e un panel informativo sobre o glaciar de Piornedo. Despois continuamos polo sendeiro entre formacións rochosas interesantes ata chegar ao Penedo Apretado (pasaban as vacas por el e tiveron que encher con pedras no fondo para que non entalaran).

Seguimos baixando e deixamos á esquerda o sendeiro que vai cara a Agulleiro, a Veiga Cimeira... As primeiras ruínas que vemos son as do muín novo; río arriba hai outros dous, recomendamos deixar o sendeiro e acercarse uns 100 m. ata estes restos para ver as lastras e, o que teña tempo e se atreva ca auga fría, darse un chapuzón. Volvemos o sendeiro e seguimos atopando muíños (o de Polo e o Fundeiro). Despois de admirar estes restos da nosa historia volveremos a buscar o sendeiro, que vai paralelo ao río pero un pouquín máis arriba.

Máis adiante o noso camiño xúntase co sendeiro da planta e podemos admirar a presa desde arriba. Baixamos da presa e continuamos andando cara a unhas rochas; cando pensamos que o sendeiro se acaba contra unha rocha, descubrimos un pasadizo secreto...(diz que as vacas do Sesto pasaban por debaixo desta pedra).

Continuamos un pouco máis polo val ata que o sendeiro se xunta co que vai a Vilarelo; podemos admirar a ponte do Landeirón, de madeira, e achegarnos, se temos tempo, polo sendeiro de Vilarelo ata unha curva sinalizada porque hai outras lastras no río nas que se está moi ben ao sol e merece a pena botarles unha mirada.

Xa só nos queda emprender a subida; a senda vai dando voltas para facela mais liviña, polo medio da subida atopamos a fonte do Landeirón e cerca do pico o sendeiro que vai ó Penedo (un paseo agradable entre carballeiros); despois veremos a carón do sendeiro a Fonte da Raposa, a Fonteñía, alcunios curtiños que ainda se utilizan e o forno.

Para alongar a ruta:

- Continuar polo sendeiro ata Vilarelo. Aprox. 3 kms.
- Continuar ata Veiga Cimeira e volver polo camiño de agulleiro (aprox. 1 km.).
- Tamén se pode continuar cara a Agulleiro ou cara a Solla e baixar polo camiño da Braña (só para os que coñecen a zona pois os sendeiros están bastante abandonados).



Extensión da ruta: 2.7 Km. aprox.

Duración: 1 hora

Dificultade: media-baixa

Sinais : Ruta circular: cor vermello

Sendeiros alternativos na ruta: cor marello

Prolongacións da ruta: cor verde

O CONTORNO



PIORNEDO

Piornedo é unha pequena aldea luguesa, límitrofe con León, situada a uns 1200 m. de altitude na falda do mustallar, na serra dos Ancares.

Nas 20 casas que a componen quedamos unha trentena de habitantes dos 200 que había a primeiros do século XX. Segundo un dito antigo que menciona a todos os pobos da redonda aos de Piornedo corresponden o alcume de lanudos.

A característica distintiva de Piornedo é a de ter probablemente o meirande conxunto conservado de pallozas de Europa.

As pallozas son construcións circulares ou ovaladas con pequenos muros de pedra e amplas cubertas cónicas de palla de centeo; de tipoloxía castrexa, pola súa forma e materiais poderían ser a evolución das vivendas prerromanas. Adáptanse ás necesidades climatolóxicas: quentes no inverno e frescas no verán, ademais de estar distribuídas de forma intelixente e axustada ás necesidades familiares.

Foron as nosas vivendas ata fai ben pouco cando, coa estrada e coa televisión, chegaron novos materiais de construcción, novas tendencias, algúns adiantos... e moitas necesidades.

TRALO SESTO

RUTA CIRCULAR



PIORNEDO DE ANCARES

ASOCIACIÓN CULTURAL O TEIXEIRO

Subvención: AGADER

Colaboran: CDR Ancares

Manuel A. Rodríguez Guitian

Fotografía e textos: Lola López e Isolina Rodríguez